Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia

Datos correspondentes ao ano 2024 e avance do ano 2025

Data de publicación: 30/10/2026

Principais resultados

- No ano 2024 e no avance de 2025, Galicia seguiu experimentando unha carga de poboación superior á súa poboación residente, cun máximo do 6,1% máis de poboación no terceiro trimestre de 2024.
- Santiago de Compostela foi o único dos sete grandes concellos cun saldo turístico positivo (recibe máis turistas dos que emite) en todos os trimestres de 2024 e nos do avance de 2025.
- 288 concellos galegos tiveron máis poboación que a residente no terceiro trimestre de 2024, un máximo histórico con Sanxenxo á cabeza, cun 74% máis de poboación.

1 Introdución

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica a actividade estatística Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia, cuxo obxectivo é cuantificar a poboación que soportan os concellos en cada trimestre do ano.

A estimación da carga de poboación concíbese como unha estatística de síntese que aproveita as fontes estatísticas existentes sobre a poboación residente e as persoas que se desprazan por motivos de turismo, estancias en segundas vivendas, estudos, traballo e problemas de saúde.

Nesta estatística, a carga de poboación representa a media trimestral de persoas equivalentes a tempo completo que soporta un concello; obtense a partir da poboación residente, sumándolle a poboación de entrada (non residentes presentes) e restándolle a poboación de saída (residentes ausentes).

O saldo poboacional defínese como a diferenza entre a poboación de entrada e a poboación de saída. Tamén se pode definir como a suma dos saldos poboacionais entre a poboación de entrada e a poboación de saída por motivos de turismo, estancias en segundas vivendas, estudos, traballo e problemas de saúde.

A taxa de carga poboacional dun concello defínese como a porcentaxe de carga de poboación sobre a poboación residente. Así pois, será superior ou inferior ao 100% segundo o concello soporte máis ou menos poboación da que indica a súa poboación residente; a súa desviación respecto ao 100% mide a porcentaxe de poboación que soporta de máis ou de menos un concello, respecto da súa poboación residente.

2 Datos xerais de Galicia

Galicia tivo en todos os trimestres unha carga de poboación superior á súa poboación residente e, polo tanto, un saldo poboacional positivo dende 2011. A taxa de carga de poboación situouse no 101%, o que significa que soportou un 1% máis respecto da súa poboación residente, agás no terceiro trimestre, cando se incrementou ata o 106%, acadando en 2024 o valor máis alto da serie histórica (un 106,08%).

A descomposición do saldo poboacional nas súas compoñentes permite analizar as razóns polas que soporta máis ou menos poboación da que indica a súa poboación residente. As maiores ou menores contribucións á carga de poboación encontrámolas nos movementos por turismo e segundas vivendas.


Evolución da carga de poboación e as súas compoñentes. Galicia. Anos 2023, 2024 e avance de 2025
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo e porcentaxe

	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV	2025/I	2025/II
CARGA DE POBOACIÓN	2.718.983	2.736.933	2.862.575	2.738.943	2.741.573	2.744.558	2.876.228	2.746.615	2.738.929	2.758.687
Residentes	2.700.220	2.701.834	2.703.423	2.705.037	2.706.951	2.709.174	2.711.400	2.713.623	2.716.245	2.719.231
Taxa de carga de poboación	100,69	101,30	105,89	101,25	101,28	101,31	106,08	101,22	100,84	101,45
Saldo de poboación	18.763	35.099	159.152	33.906	34.622	35.384	164.828	32.992	22.684	39.456
- Turismo	-2.900	12.172	28.866	4.489	-1.940	13.386	32.796	5.059	-3.580	15.100
- Segundas vivendas	8.445	12.063	120.827	15.807	22.860	10.509	122.515	13.986	11.194	12.217
- Estudos	3.502	2.287	1.333	3.590	3.807	2.591	1.376	3.222	3.437	1.876
- Traballo	9.566	8.423	7.929	9.859	9.743	8.740	7.952	10.572	11.482	10.107
- Saúde	150	154	197	161	152	158	189	153	151	156

Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa).

3 Saldo poboacional dos concellos

En todos os trimestres aparecen as sete grandes cidades entre os concellos con maiores saldos poboacionais. No primeiro, segundo e cuarto trimestre de 2024; e no segundo de 2025, os dez concellos con maiores saldos poboacionais completáronse con Sanxenxo, O Porriño e San Cibrao das Viñas. No terceiro trimestre de 2024 os dous últimos foron substituídos polos concellos costeiros do Grove e Foz, mentres que no primeiro trimestre de 2025 foi Bergondo quen substituiu a Sanxenxo.




Pola contra, os concellos con saldos poboacionais máis negativos foron concellos situados na contorna das grandes cidades, tales como Oleiros, Cambre, Ames, Teo, Narón, Barbadás, Poio, Ponteareas e Moaña. No terceiro trimestre de 2024, a intensidade do saldo negativo deses concellos reduciuse con respecto aos outros trimestres.


Tamén resulta interesante que, mentres no primeiro, segundo e cuarto trimestre a maioría de concellos tiveron un saldo poboacional negativo, no terceiro trimestre esta situación invertiuse, pasando a ter un saldo poboacional positivo 288 concellos en 2024, a cifra máis alta da serie.

Este comportamento diferenciado no terceiro trimestre respecto ao resto pódese observar en todo o período 2011-2024, consecuencia da tempada estival.

Saldo poboacional

Unidade: persoas equivalentes a tempo completo





Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa).

4 Carga poboacional dos concellos

En 2024 e no avance de 2025, Carballeda de Valdeorras destacou polo entrada de traballadores e Mondariz-Balneario pola afluencia turística, agás no terceiro trimestre de 2024 cando Sanxenxo e Barreiros acadaron as maiores taxas de carga poboacional, superando en máis dun 70% a súa poboación residente. Esa afluencia turística é a que fai que Portomarín fose o concello coa taxa de carga poboacional máis alta no segundo trimestre de 2025.

Concellos coas maiores taxas de carga poboacional

Unidade: persoas equivalentes a tempo completo, porcentaxes (%)

Primeiro trimestre de 2024

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Carballeda de Valdeorras	1.369	573	1.942	141,86
Mondariz Balneario	726	299	1.025	141,18
Chandrexa de Queixa	480	111	591	123,12
San Cibrao das Viñas	5.736	1.199	6.935	120,90
Santiago de Compostela	99.660	18.267	117.927	118,33

Segundo trimestre de 2024

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Mondariz Balneario	730	314	1.044	143,01
Carballeda de Valdeorras	1.362	517	1.879	137,96
Portomarín	1.305	286	1.591	121,92
San Cibrao das Viñas	5.748	1.210	6.958	121,05
Santiago de Compostela	99.998	19.658	119.656	119,66

Terceiro trimestre de 2024

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Sanxenxo	17.956	13.262	31.218	173,86
Barreiros	3.033	2.140	5.173	170,56
Mondariz Balneario	734	494	1.228	167,30
Teixeira, A	329	152	481	146,20
Parada de Sil	508	209	717	141,14

Cuarto trimestre de 2024

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Mondariz Balneario	738	356	1.094	148,24
Carballeda de Valdeorras	1.348	486	1.834	136,05
San Cibrao das Viñas	5.771	1.184	6.955	120,52
Santiago de Compostela	100.673	19.126	119.799	119,00
Rábade	1.507	209	1.716	113,87

Primeiro trimestre de 2025

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Mondariz Balneario	743	280	1.023	137,69
Carballeda de Valdeorras	1.344	467	1.811	134,75
San Cibrao das Viñas	5.783	1.149	6.932	119,87
Santiago de Compostela	101.095	18.404	119.499	118,20
Bergondo	7.130	995	8.125	113,96

Segundo trimestre de 2025

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Portomarín	1.280	569	1.849	144,45
Mondariz Balneario	748	323	1.071	143,18
Carballeda de Valdeorras	1.340	478	1.818	135,67
San Cibrao das Viñas	5.796	1.193	6.989	120,58
Santiago de Compostela	101.602	19.950	121.552	119,64

Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa).

5 Os movementos nos sete grandes concellos

Ao longo de todos os trimestres, as compoñentes cunha maior contribución positiva ao saldo poboacional dos sete grandes concellos foron as correspondentes aos desprazamentos por motivos de estudos e traballo, destacando A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo pola compoñente laboral e, de novo Santiago de Compostela pola compoñente de estudos. No terceiro trimestre de 2024 aumentou a compoñente das segundas vivendas en todos eles e a compoñente do turismo en Santiago de Compostela, único concello, dos sete grandes, con saldo turístico positivo en todos os trimestres.

Carga de poboación e as súas compoñentes. Grandes concellos
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo

Primeiro trimestre de 2024

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	249.508	-147	-1.274	4.243	6.335	876	10.033	259.541
Ferrol	64.426	-361	76	1.156	676	269	1.816	66.242
Santiago de Compostela	99.660	2.084	235	10.031	5.077	840	18.267	117.927
Lugo	99.453	-323	1.220	1.237	1.022	418	3.574	103.027
Ourense	104.836	-368	-215	1.935	814	498	2.664	107.500
Pontevedra	83.135	-529	-28	1.350	1.167	412	2.372	85.507
Vigo	295.550	-1.048	-1.140	2.030	4.543	722	5.107	300.657

Segundo trimestre de 2024

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	250.013	898	-1.993	3.299	6.420	861	9.485	259.498
Ferrol	64.562	-221	-199	965	708	264	1.517	66.079
Santiago de Compostela	99.998	6.632	-209	7.121	5.272	842	19.658	119.656
Lugo	99.630	-72	580	921	1.033	412	2.874	102.504
Ourense	105.056	-328	-632	1.547	837	472	1.896	106.952
Pontevedra	83.193	-134	-293	1.093	1.185	403	2.254	85.447
Vigo	295.602	-117	-1.848	1.675	4.711	709	5.130	300.732

Terceiro trimestre de 2024

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	250.519	531	2.027	1.411	5.673	747	10.389	260.908
Ferrol	64.699	-272	1.870	350	554	216	2.718	67.417
Santiago de Compostela	100.335	8.147	3.255	3.389	4.765	718	20.274	120.609
Lugo	99.806	-470	6.420	440	910	352	7.652	107.458
Ourense	105.278	-755	2.205	656	732	420	3.258	108.536
Pontevedra	83.252	-479	1.613	412	1.059	329	2.934	86.186
Vigo	295.656	-177	2.226	703	4.102	571	7.425	303.081

Cuarto trimestre de 2024

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	251.024	1.423	-1.405	4.191	6.511	760	11.480	262.504
Ferrol	64.835	-138	-57	1.117	718	230	1.870	66.705
Santiago de Compostela	100.673	3.777	3	9.355	5.233	758	19.126	119.799
Lugo	99.983	121	756	1.252	1.075	385	3.589	103.572
Ourense	105.498	-22	-368	2.000	784	436	2.830	108.328
Pontevedra	83.310	-127	-142	1.278	1.269	375	2.653	85.963
Vigo	295.708	1.114	-1.286	2.179	4.588	617	7.212	302.920

Primeiro trimestre de 2025

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	251.500	593	-1.121	4.390	7.531	887	12.280	263.780
Ferrol	65.404	-200	-46	1.163	716	276	1.909	67.313
Santiago de Compostela	101.095	2.121	4	9.862	5.569	848	18.404	119.499
Lugo	100.183	-59	605	1.315	982	424	3.267	103.450
Ourense	105.782	-119	-294	2.090	944	506	3.127	108.909
Pontevedra	83.320	-309	-112	1.334	1.284	441	2.638	85.958
Vigo	295.959	-280	-1.027	2.274	5.021	713	6.701	302.660

Segundo trimestre de 2025

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	251.944	1.780	-1.510	3.293	7.497	856	11.916	263.860
Ferrol	66.407	-24	-97	939	700	262	1.780	68.187
Santiago de Compostela	101.602	6.707	-61	6.791	5.688	825	19.950	121.552
Lugo	100.408	348	663	940	949	418	3.318	103.726
Ourense	106.127	20	-430	1.613	886	476	2.565	108.692
Pontevedra	83.283	83	-180	1.046	1.317	419	2.685	85.968
Vigo	296.406	714	-1.389	1.784	4.971	690	6.770	303.176

Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa).

Nas táboas apréciase, como en anos anteriores, que Santiago de Compostela pasa de ser o cuarto concello con máis poboación residente ao terceiro concello cunha maior carga de poboación, xa que presenta un saldo poboacional superior ao do resto de grandes concellos en todos os trimestres. De feito, en todo o período 2011-2025, Santiago de Compostela está sometido a unha maior carga de poboación que Ourense, a pesar de ter menos poboación residente.

6 Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

Metodoloxía

- Metodoloxía

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Carga de poboación e os seus fluxos de entrada e saída
- Carga de poboación e as súas compoñentes
- Carga de poboación que pernoita e os seus fluxos de entrada e saída

- Carga de poboación que pernoita e as súas compoñentes
- Carga de poboación diúrna e os seus fluxos de entrada e saída
- Carga de poboación diúrna e as súas compoñentes

Fontes de información

IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia.